



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL SÁLVORA PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS DE TUTELA E PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL PARA O EXERCICIO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual SÁLVORA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2020. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual SÁLVORA dende o 1 de xaneiro de 2020 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social das actuacións relacionadas coa tutela e protección das persoas con discapacidade intelectual que a Fundación SÁLVORA ten previsto desenvolver durante o ano 2020 que a continuación se detallan:

- a. Exercicio de cargos tutelares de garda das persoas con discapacidade intelectual encomendadas á Fundación SÁLVORA segundo o dereito vixente. A Intervención vai dirixida á prestación de apoios de maneira personalizada e profesional, tendo en conta as singularidades, gustos, circunstancias e necesidades persoais, procúranselles os recursos e apoios necesarios (lugar de vida, educación, traballo, ocio, integración, ...), para o seu mellor desenvolvemento persoal e social; velando pola administración dos seus bens, e cumprindo puntualmente coas obrigas xurídicas e administrativas inherentes ao cargo
- b. Servizo de información e asesoramento a familiares, titores, curadores e outras persoas físicas e xurídicas relacionadas coa atención a persoas con discapacidade intelectual, en temas relacionados coa tutela e protección de persoas ditas persoas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ó desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve a Fundación tutelar galega para persoas con discapacidade SÁLVORA debe ser considerada como unha entidade singular dentro dos servizos especializados en materia de tutela a persoas con discapacidade intelectual da Comunidade Galega.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

